

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DA CORUÑA POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO NOVO HOSPITAL DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde, e da Axencia Galega de Infraestruturas, formalizou co Concello da Coruña en data 01.02.2021 o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia de catro anos (a contar dende o día da súa sinatura) e susceptibles de prórroga por outros catro mais.

Que o dito instrumento convencional, configurado como convenio marco de colaboración, ten por obxecto establecer as bases da cooperación entre as partes asinantes de cara á redacción e aprobación dun proxecto de interese autonómico que permita a redacción, supervisión e aprobación dun proxecto técnico para a licitación, adxudicación e execución das obras do novo recinto hospitalario, así como para a dotación de infraestruturas e servizos necesarios para o seu óptimo funcionamento, de acordo coas previsións económicas estimadas no seu anexo, as cales serán obxecto de concreción nos convenios específicos que poidan asinarse.

A través deste instrumento as partes acordan unir os seus esforzos para levar a cabo o citado proxecto, dado que, unha vez avaliadas as necesidades asistenciais da poboación e os recursos existentes, considerouse preciso, de cara a garantir unha mais rápida atención á cidadanía e unha adecuada resposta aos seus problemas de saúde, acometer a construción dun novo recinto hospitalario, definido como proxecto de interese autonómico

de conformidade co previsto na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

A execución do dito proxecto require necesariamente da concorrencia de medios e achegas por parte de todas as institucións asinantes, plasmándose os seus compromisos no texto do presente convenio marco.

Existe polo tanto converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido, os cales exclúen o ánimo de lucro. Tales intereses non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

